

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13123 *Lei orgánica 5/2012, do 22 de outubro, de reforma da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A vixente Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, seguindo a liña marcada previamente pola Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, garantiu, desde a súa entrada en vigor, unha subvención anual non condicionada con cargo aos orzamentos xerais do Estado a aqueles partidos políticos con representación no Congreso co obxecto de atender os seus gastos de funcionamento. Igualmente, a actual lei prevé a posible inclusión nos orzamentos xerais do Estado dunha asignación anual para sufragar os gastos de seguridade en que incorran os partidos políticos para manter a súa actividade política e institucional.

A disposición transitoria terceira da Lei orgánica sobre financiamento dos partidos políticos estableceu a subvención anual para gastos de funcionamento e a asignación anual para gastos de seguridade en 78.100.000,00 euros e 4.010.000,00 euros, respectivamente. Estas cantidades fóronse adecuando anualmente ao incremento do índice de prezos de consumo de acordo coa disposición adicional sexta da Lei orgánica sobre financiamento dos partidos políticos. Os importes citados supuxeron un incremento aproximado do 20 por cento respecto das cantidades que foran consignadas nos orzamentos xerais do Estado para 2007.

No actual contexto de crise económica, considérase necesario realizar unha adecuación das subvencións previstas no artigo 3 da Lei orgánica sobre financiamento dos partidos políticos para axustalas á conxuntura do momento. Con esta medida, os partidos políticos, como principais instrumentos de representación política, participan no esforzo colectivo necesario para superar a crise. Partindo do feito certo do incremento do 20 por cento producido no exercicio 2008, considérase adecuado proceder a unha redución na contía similar. Por idénticos motivos tamén se prevé que a contía das convocatorias públicas de subvencións ás asociacións e fundacións vinculadas aos partidos políticos sufra unha redución do 20 por cento respecto ao exercicio 2011.

Xunto a estas medidas, considérase procedente a introdución no articulado da lei doutras que obedecen á necesidade de reforzar a diferenciación entre os mecanismos de financiamento dos partidos políticos e os das fundacións e asociacións vinculadas a estes, ademais da de ampliar o número de suxeitos que non poden financiar a actividade dos partidos por recibiren achegas directas ou indirectas das administracións públicas. Así, non só se proscribe que os partidos políticos acepten doazóns de empresas privadas que presten servizos ou realicen obras para as administracións públicas, senón que esta prohibición se estende a empresas pertencentes ao mesmo grupo, a empresas participadas maioritariamente por aquelas e ás súas fundacións.

Ademais, coa finalidade de evitar que fundacións privadas, asociacións ou entidades que reciban subvencións das administracións públicas ou cuxo orzamento estea integrado por achegas públicas sirvan de instrumento de financiamento dos partidos, impídese a estes aceptaren calquera doazón procedente das primeiras. Porén, permítese que, en

atención a un interese común e coincidente, partidos políticos e fundacións e asociacións poidan levar a cabo actuacións de maneira conxunta, encadrables no obxecto e finalidade que perseguen.

Resulta relevante tamén a modificación que se efectúa en materia de condonacións de débeda aos partidos. Así, ningunha entidade de crédito poderá condonar a un partido político máis de 100.000 euros ao ano de débeda, cantidade para cuxo cálculo se debe ter en conta tanto o principal coma os xuros pactados. Por outro lado, en virtude do principio da autonomía da vontade, mantense a posibilidade de que os partidos poidan chegar a acordos en relación coas condicións da débeda que poidan manter con entidades de crédito de conformidade co ordenamento xurídico.

No que respecta ao réxime sancionador a que se encontran suxeitos os partidos políticos, outórgase de maneira indubitada ao Tribunal de Contas a potestade para acordar a imposición de sancións por infraccións moi graves constituídas polo incumprimento das obrigas previstas nesta lei e na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que respecta aos gastos electorais. Ademais, aclárase o prazo de prescrición destas infraccións, mellórase a regulación do procedemento mediante a introdución da posibilidade de que o Pleno do Tribunal acorde a apertura dun período de información previa e establécese a aplicación supletoria na súa tramitación das normas xerais de dereito administrativo. De forma complementaria, en relación coas fundacións e asociacións vinculadas, amplíase o ámbito obxectivo das facultades de fiscalización do Tribunal, constituído de agora en diante por todas as achegas recibidas e non só polas doazóns.

En materia de fundacións e asociacións vinculadas aos partidos políticos con representación parlamentaria, establécese un conxunto de previsións específicas que atenden á súa natureza diferenciada e ás funcións que están chamadas a desempeñar. Ademais, concrétese qué se entende por doazón para os efectos desta lei e establécese que non terán esta consideración entregas monetarias ou patrimoniais destinadas a financiar actividades e proxectos de interese común que cumpran determinados requisitos.

Por último, como complemento de todas as modificacións introducidas, artículase unha serie de medidas directamente inspiradas no principio de transparencia, que se concretan en obrigas de publicidade activa e de notificación. Así, por un lado establécese que os partidos políticos, fundacións e asociacións vinculadas deberán –unha vez emitido polo Tribunal de Contas o informe de fiscalización que corresponda en cada caso– facer pública, preferentemente a través da súa páxina web, determinada información de índole contable. Por outro lado, introdúcese a obriga para os partidos políticos de notificar ao Tribunal de Contas as doazóns recibidas superiores a 50.000 euros e as de bens inmoables, así como todos os acordos a que cheguen con entidades de crédito en relación coas condicións da súa débeda, información que neste último caso se deberá trasladar tamén ao Banco de España. No que respecta ás fundacións vinculadas, establécese que estas deberán notificar ao Tribunal de Contas todas as doazóns efectuadas por persoas xurídicas.

En suma, coa presente reforma incídese na idea de que un sistema de obtención de ingresos por partidos políticos en que se combinen adecuadamente a suficiencia e a austeridade, unido a un reforzo dos mecanismos de control e da potestade sancionadora do supremo órgano fiscalizador e de axuizamento da responsabilidade contable de quen ten ao seu cargo o manexo de fondos públicos, constitúe o mellor antídoto contra o financiamento irregular. Isto, unido á adopción dun conxunto de medidas de transparencia, contribúe a mellorar o control da adecuación dos ingresos e gastos dos partidos políticos ao ordenamento xurídico e a robustecer a calidade do sistema democrático español.

Artigo primeiro. *Modificación das letras b) e c), adición dunha nova letra d), pasando as letras d), e) e f) a ser e), f) e g), no número dous do artigo 4 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícanse as letras b) e c) e engádesse unha nova letra d), pasando as letras d), e) e f) a ser e), f) e g), no número dous do artigo 4 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«b) As doazóns procedentes de persoas xurídicas requirirán sempre acordo adoptado en debida forma polo órgano ou representante competente para o efecto, facendo constar de forma expresa o cumprimento das previsións da presente lei.

Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir, directa ou indirectamente, doazóns de organismos, entidades ou empresas públicas.

c) Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir, directa ou indirectamente, doazóns de empresas privadas que, mediante contrato vixente, presten servizos ou realicen obras para as administracións públicas, organismos públicos ou empresas de capital maioritariamente público. Tampouco poderán aceptar ou recibir doazóns de empresas pertencentes ao mesmo grupo que aquelas, de empresas participadas maioritariamente por aquelas nin das súas fundacións.

d) Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente, doazóns de fundacións privadas, asociacións ou outras entidades que reciban subvencións das administracións públicas ou cuxo orzamento estea integrado, en todo ou en parte, por achegas directas ou indirectas de tales administracións.

e) As cantidades doadas aos partidos políticos deberanse aboar en contas de entidades de crédito, abertas exclusivamente para tal fin. Os ingresos efectuados nestas contas serán unicamente os que proveñan destas doazóns.

f) Das doazóns previstas neste artigo quedará constancia da data de imposición, do seu importe e do nome e identificación fiscal do doador. A entidade de crédito onde se realice a imposición estará obrigada a lle expedir ao doador un documento acreditativo en que consten os aspectos anteriores.

g) Cando se trate de doazóns en especie, a efectividade das percibidas acreditarase mediante certificación expedida polo partido político en que se faga constar, ademais da identificación do doador, o documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado, facendo mención expresa do carácter irrevogable da doazón.»

Artigo segundo. *Engádesse un número catro ao artigo 4 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

«Catro. Acordos sobre condicións de débeda.

Os partidos políticos poderán chegar a acordos respecto das condicións da débeda que manteñan con entidades de crédito de conformidade co ordenamento xurídico. De tales acordos darase conta ao Tribunal de Contas e ao Banco de España.

As condonacións de débedas aos partidos políticos por parte das entidades de crédito estarán suxeitas ao límite de 100.000 euros anuais, para cuxo cálculo se terán en conta tanto as condicións do principal da débeda coma dos xuros pactados.»

Artigo terceiro. *Modificación do artigo 5 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase o artigo 5 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Límites ás doazóns privadas.*

Un. Os partidos políticos non poderán aceptar ou recibir directa ou indirectamente:

- a) Doazóns anónimas, finalistas ou revogables.
- b) Doazóns procedentes dunha mesma persoa física ou xurídica superiores a 100.000 euros anuais.

Exceptúanse deste límite as doazóns en especie de bens inmobles, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na letra g) do número dous do artigo 4.

Dous. Todas as doazóns superiores a 50.000 euros e, en todo caso, as doazóns de bens inmobles, deberán ser obxecto de notificación ao Tribunal de Contas no prazo de tres meses.»

Artigo cuarto. *Adición dun número oito ao artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Engádesse un número oito ao artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Oito. Os partidos políticos, unha vez emitido polo Tribunal de Contas o informe de fiscalización correspondente a un determinado exercicio, estarán obrigados a facer públicos, preferentemente a través da súa páxina web, o balance e a conta de resultados e, en particular, a contía dos créditos que se lles concederon, o tipo de entidade concedente e as condonacións de débeda correspondentes a tal exercicio, de forma que esta información sexa de gratuíto e fácil acceso para os cidadáns.»

Artigo quinto. *Modificación do artigo 15 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase o artigo 15 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Control interno.*

Os partidos políticos deberán prever un sistema de control interno que garanta a adecuada intervención e contabilización de todos os actos e documentos dos cales deriven dereitos e obrigas de contido económico, conforme os seus estatutos. O informe resultante desta auditoría xuntarase á documentación que se lle renda ao Tribunal de Contas.»

Artigo sexto. *Modificación do número tres do artigo 16 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase o número tres do artigo 16 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Tres. O Tribunal de Contas, no prazo de seis meses desde a recepción da documentación sinalada no artigo 14 da presente lei, emitirá un informe sobre a súa regularidade e adecuación ao disposto nesta lei ou, de ser o caso, faranse constar expresamente cantas infraccións ou prácticas irregulares se observasen.»

Artigo sétimo. *Modificación do artigo 17 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase o artigo 17 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 17.

Un. Sen prexuízo das responsabilidades legais de calquera índole que deriven do disposto no ordenamento xurídico en xeral e do preceptuado nesta lei en particular, o Tribunal de Contas acordará a imposición de sancións ao partido político que cometa algunha das infraccións moi graves que se describen a seguir:

a) Aceptar doazóns que contraveñan as limitacións e requisitos establecidos nos artigos 5 e 7 da presente lei. Neste caso o Tribunal de Contas impondrá unha sanción de contía equivalente ao dobre da achega ilegalmente percibida. Terá idéntica cualificación e sanción a asunción, por terceiras persoas, dos gastos do partido nos termos indicados pola lei.

b) Non presentar, sen causa xustificada, as contas correspondentes ao último exercicio anual ou que estas sexan tan deficientes que impidan ao Tribunal de Contas levar a cabo o seu labor fiscalizador. Neste caso, o Tribunal de Contas acordará a retención da subvención anual ata que se produza o total cumprimento da obriga de rendición ou ata a completa emenda dos defectos advertidos.

c) Sen prexuízo do establecido no artigo 134 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, cando o Tribunal de Contas advirta, no exercicio da súa función, que os partidos políticos superaron os límites de gastos electorais previstos nesa lei, impondrá unha sanción equivalente ao exceso producido.

Dous. En todos os casos, o Tribunal de Contas vixiará que as sancións se fagan efectivas no libramento da correspondente subvención.

Tres. O prazo de prescrición das infraccións contidas na lei será de catro anos. O seu cómputo iniciárase no momento da comisión da infracción.»

Artigo oitavo. *Modificación do parágrafo inicial, supresión da letra d) do número dous e modificación do número oito do artigo 18 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase o parágrafo inicial, suprímese a letra d) do número dous e modifícase o número oito do artigo 18 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 18.

Os procedementos sancionadores a que se refiren as letras a), b) e c) do número un do artigo anterior iniciaranse por acordo do Pleno do Tribunal de Contas.

Tan pronto como o Tribunal de Contas teña coñecemento dos feitos, o Pleno da institución acordará a iniciación do procedemento sancionador, ben que con anterioridade disporá a apertura dun período de información previa en que se dará audiencia ao partido político presuntamente infractor. O procedemento sancionador será compatible, tanto co exercicio da súa función fiscalizadora sobre a xestión económico-financeira do partido político presuntamente infractor, como coa imposición, cando proceda, das multas coercitivas previstas no artigo 30 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas. A iniciación do procedemento sancionador interrompe a prescrición das infraccións.»

(...)

«Dous.

d) Suprimida.»

(...)

«Oito. As resolucións sancionadoras que adopte o Tribunal de Contas serán susceptibles de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo.

Cando nesas resolucións se acorde a imposición dalgunha das sancións previstas no artigo 17.Un desta lei, a interposición do recurso suspenderá automaticamente a execución da resolución adoptada polo Tribunal de Contas.»

Artigo noveno. *Modificación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase a disposición adicional sexta da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta.

Un. A Lei de orzamentos xerais de cada exercicio fixará o importe global da consignación para atender as subvencións reguladas no artigo 3 desta lei.

Dous. As cantidades que figuran nos artigos desta lei distintas das recollidas no número primeiro desta disposición adecuaranse anualmente ao índice de prezos de consumo.»

Artigo décimo. *Modificación da disposición adicional sétima da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase a disposición adicional sétima da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima.

Un. As achegas que reciban as fundacións e asociacións vinculadas aos partidos políticos con representación parlamentaria estarán sometidas aos mecanismos de fiscalización e control e ao réxime sancionador previstos, respectivamente, nos títulos V e VI desta lei, sen prexuízo das normas propias que lles sexan de aplicación.

Dous. Os recursos que financien a actividade das fundacións e asociacións vinculadas a partidos políticos serán os previstos na lexislación aplicable en cada caso.

Tres. No caso das doazóns, estarán sometidas aos límites e requisitos previstos no capítulo segundo do título II desta lei, coas seguintes especialidades:

a) Non será de aplicación o previsto na letra c) do número dous do artigo 4 nin o límite establecido na letra b) do número un do artigo 5.

b) As doazóns efectuadas por persoas xurídicas deberán ser aprobadas polo órgano ou representante competente en cada caso e, cando sexan de carácter monetario e teñan un importe superior a 120.000 euros, terán que formalizarse en documento público.

Para os efectos deste punto, considérase doazón toda liberalidade, monetaria ou non, entregada por unha persoa física ou xurídica, destinada a financiar xenericamente os gastos xerais da fundación ou da asociación.

Catro. Non terán a consideración de doazóns, para os efectos desta disposición adicional, as entregas monetarias ou patrimoniais levadas a cabo por unha persoa física ou xurídica para financiar unha actividade ou un proxecto concreto da fundación ou asociación, na medida en que tal actividade ou proxecto se realice como consecuencia dun interese común derivado das actividades propias do obxecto societario ou estatutario de ambas as entidades.

Cinco. As fundacións e asociacións reguladas nesta disposición adicional estarán obrigadas a formular e aprobar as súas contas nos termos previstos na lexislación vixente e a realizar unha auditoría das súas contas anuais. Unha vez emitido polo Tribunal de Contas o informe de fiscalización das achegas a que se refire o número un deste artigo, estarán obrigadas a facer públicos, preferentemente

a través da súa páxina web, o balance e a conta de resultados de forma que esta información sexa de gratuito e fácil acceso para os cidadáns.

Seis. As fundacións e asociacións reguladas por esta disposición adicional estarán obrigadas a informar anualmente o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de todas as doazóns e achegas recibidas, para cuxo fin se aprobará unha orde ministerial en que se indicarán o contido, o alcance e a estrutura da información que se debe facilitar. Ademais, todas as doazóns procedentes de persoas xurídicas deberán ser obxecto de notificación ao Tribunal de Contas no prazo de tres meses.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación da disposición adicional novena da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional novena.

Os límites cuantitativos previstos nos artigos 4, número catro, e 5 da presente lei actualizáranse cada ano de conformidade co incremento do índice de prezos de consumo.»

Artigo décimo segundo. *Introdución dunha nova disposición adicional décimo segunda na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Introdúcese unha disposición adicional décimo segunda na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo segunda.

Para o exercicio 2012 a contía das convocatorias públicas de subvencións ás asociacións e fundacións vinculadas aos partidos políticos reducirase nun 20 por cento respecto ao exercicio 2011.»

Artigo décimo terceiro. *Supresión da disposición transitoria segunda da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Suprímese a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Artigo décimo cuarto. *Modificación da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Modifícase a disposición transitoria terceira da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactada nos seguintes termos:

«Un. Para o exercicio 2012 a subvención estatal anual para gastos de funcionamento dos partidos políticos e a asignación anual para sufragar gastos de seguridade fíxanse, respectivamente, en 65.883.000,58 euros e 3.382.000,75 euros.

Dous. A partir da entrada en vigor desta lei, as cantidades percibidas polos partidos políticos ata ese momento entenderanse entregadas á conta da cantidade total prevista para o ano 2012.

Tres. Os aboamentos mensuais a partir desa data axustáranse para que a suma total de todos os pagamentos non supere a cantidade prevista no número un.»

Artigo décimo quinto. *Cambio de numeración da disposición derradeira da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que pasa a ser disposición derradeira primeira.*

Mantense a disposición derradeira única da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e pasa a ser a disposición derradeira primeira.

Artigo décimo sexto. *Introdución dunha disposición derradeira segunda nova na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Introdúcese unha nova disposición derradeira segunda na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda.

Os procedementos sancionadores regulados nesta lei, supletoriamente e en defecto de norma expresa, rexeranse polas normas xerais destes procedementos contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Artigo décimo sétimo. *Introdución dunha disposición derradeira terceira na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

Introdúcese unha disposición derradeira terceira na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira terceira. *Modificación da letra f) do número 4 do artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, de adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas.*

Modifícase a letra f) do número 4 do artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, de adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, que queda redactada como segue:

f) As informacións que o Banco de España teña que facilitar para o cumprimento das súas respectivas funcións ao Tribunal de Contas, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, á Dirección Xeral de Seguros, aos fondos de garantía de depósitos, aos interventores ou aos síndicos dunha entidade de crédito ou dunha entidade do seu grupo, designados nos correspondentes procedementos administrativos ou xudiciais, e aos auditores das contas das entidades de crédito e dos seus grupos.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 22 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY